



BASES DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2015.

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10º da orde do 21 de xaneiro de 2015 (DOG 27-01-2015) da Consellería de Traballo e Benestar que establece as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado-traballador do citado proxecto, promovido pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e subvencionado pola antedita consellería.

Segunda. Características das prazas

As bases desta convocatoria establécense co fin de que os aspirantes, que accedan ás prazas convocadas, posúan as condicións precisas para desempeñar con eficacia as diversas funcións específicas que levan consigo os postos de traballo expostos.

Terceira. Prazas ofertadas e obrigas dos alumnos seleccionados

As prazas que se convocan son:

a) Alumno-traballador:

SOCIAISDESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍA WEB	Completa
OPERACIÓNS, GRAVACIÓN E TRATAMENTO DATAS E DOCUMENTOS/ OPERACIÓNS AUXILIARES SERVICIOS ADMINISTRATIVOS	Completa

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Cuarta.- RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.





Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos-traballadores seleccionados polo grupo de traballo mixto serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (duración de seis meses).

Quinta. Procedemento de selección do alumnado-traballador/a

- **Sistema de selección:** Oferta de emprego elaborada polo grupo mixto e asinada porque quen ostenta a presidencia ou a persoa na que delegue, tramitarase o día **05/08/2015**.
- **Ámbito xeográfico:** Ámbito da mancomunidade. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto de concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan aprobado ningún proxecto de obradoiro de emprego.
- **Idade:** Ter entre 18 e menos de 30 anos
- **Requisitos dos candidatos:** Mozos/as inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- **Criterios preferentes de selección:** O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10º da orde do 21 de xaneiro de 2015, (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro de 2015), segundo o baremo que se xunta no anexo 1 destas bases.

As persoas candidatas deberán posuír a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade e deberán reunir os requisitos esixibles para poder celebrar un contrato para a formación, en aplicación da normativa reguladora de dita modalidade contractual.

Na selección terase en conta, en todo caso, criterios como idade, a experiencia laboral previa, a permanencia no desemprego ou o nivel de cualificación, priorizando aquelas persoas mozas que non recibirán previamente atención por parte do Sistema e aqueles que estean máis próximos a cumprir a idade máxima prevista no Sistema, todos eles recollidos no artigo 105.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

O número de candidatos/as a enviar polo oficina de emprego correspondente, será, na medida do posible, de **dous** candidatos/as por praza. A sondaxe realizarase entre as persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil identificados no SPEG co código: **03¹**, e **código de colectivo especial 41²**.

O sistema de selección consistirá nun concurso dos méritos que aleguen o/as candidatos/as preseleccionados/as pola oficina de emprego.

¹ Código **03**: Mozos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil

² Colectivo especial **41**: Mozos inscritos no SNGX que dispoñan de demanda de emprego





As persoas preseleccionadas realizarán, previamente, un cuestionario no que se valorarán as súas preferencias formativas e o seu interese en participar no proxecto mixto de emprego e formación para o que foron citados.

As persoas preseleccionadas neste proxecto mixto deberán achegar a documentación precisa para participar no concurso de méritos sinalado anteriormente o día en que sexan convocados para a realización do antedito cuestionario.

Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas en aplicación dos criterios de valoración, terán preferencia as persoas candidatas que obteñan mellor puntuación de entre os criterios de valoración establecidos no **Anexo I** (baremo de selección de alumnado-traballador/a) que adxúntase con estas bases.

Sexta.- LISTA DE RESERVA.

1. Esta lista empregárase para cubri-las vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

Sétima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 13º da orde do 21 de xaneiro de 2015 (DOG 27-01-2015) da Consellería de Traballo e Benestar, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. O grupo de traballo mixto resolverá as incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Vigo, 4 de agosto de 2015

Asdo.: Sandra Santos Millet

Asdo.: José Manuel Fortes Couto

Asdo.: Sonia Estrada Ibañez

Asdo.: Ezequiel Fernández Carpintero

BREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

CRITERIOS		PUNTOS
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas		6
Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		4
Discapacidade $\geq 33\%$		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 20 ata 22 anos	1
	De 22 ata 24 anos	2
	De 24 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	≥ 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5